**Bloque II**

**Que noticias che gustaría ler?**

**Etapa:** de 15 a 18 anos

**Nivel de dificultade:** medio

**4 socios**

**Temporalización:** 8 sesións

**Etiquetas:** noticias, atribución, alfabetización mediática, desinformación

**Descrición da actividade:**

O alumnado crea un xornal con noticias falsas que lle gustaría ver publicadas nun medio de comunicación dándolle un toque de humor. Tras analizar como estruturar unha boa noticia falsa e as razóns que o autor pode ter para difundilas, o alumnado traballa en equipos internacionais para crear as noticias e publicalas.

**Obxectivos: (3 máximo)**

1. Analizar por que as noticias falsas se propagan máis rápido e alcanzan a máis persoas que as verdadeiras.
2. Entender que as noticias falsas e os bulos non ocorren por casualidade, e que hai unha motivación detrás da desinformación.
3. Organizar unha noticia seguindo a guía do periodista das *5W* (*Who, What, When, Whereand Why*/ Quen, Que, Cando, Onde, e Por que).

**Competencias clave e temas transversais:**

- Comunicación lingüística
- Competencia dixital
- Competencias sociais e cívicas
- Competencia en conciencia e expresións culturais
- Educación para os medios de comunicación
- Educación do consumidor (e usuario)

**Contidos curriculares:**

- Estrutura dunha noticia
- Análise e síntese da información
- Atribución da autoría dos recursos (imaxe)

**Aspectos inclusivos:**

O alumnado crea noticias de maneria creativa e aberta; desenvolve a creatividade e o sentido de pertenza a través da expresión cultural e artística, con empatía e actitude colaborativa aceptando a diversidade como base da convivencia.

**Produtos/ resultados esperados:**

- Xornal colaborativo de noticas falsas

**DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE**



**Preparación**

**Paso 1:**Cada docente socio crea un perfil para cada alumno/a en TwinSpace.



TItorial: *Como invitar os alumnos ó  TwinSpace*

**Paso 2: Introdución ó tema**

Un dos docentes crea unha páxina no TwinSpace co título *Thenewswe'dlike toread* (As noticias que nos gustaría ler) e publica nela unha presentación para debater sobre a estrutura das noticias falsas e as razóns que o autor pode ter para difundilas.



Titorial: *Como crear unha páxina de actividades e un TwinBoard en TwinSpace*

TwinSpace 1

TwinSpace 1




**Paso 3:Crear noticias**

Os docentes propón ó alumnado crear noticias en equipos internacionais de dúas formas diferentes. Na primeira opción, o alumnado dun centro escolar empeza unha noticia e outro equipo dun centro escolar diferente remátaa, propón un título e engade unha fotografía empregando un banco de recursos de imaxes libre de uso. Na segunda opción, o alumnado socio dun centro propón o titular, o esquema da noticia coas cinco “W” (Quen, Que, Cando, Onde e Por que) e unha fotografía que inspire o equipo que vai narrar a historia noutro centro socio.

**Paso 4: Organizar a tarefa en equipos internacionais**

Os docentes engaden nesta páxina un documento compartido para organizar a creación de noticias. Neste documento inclúen quen empeza a noticia, quen a segue e o enlace ó documento de cada historia. Os docentes socios distribúen o alumnado en equipos respectando ata onde poden chegar os seus intereses e habilidades nos temas propostos nas historias.

TwinSpace 2

TwinSpace 2




Titorial: [Como insertar ferramentas 2.0 nunha páxina do TwinSpace]()

**Paso 5: Crear un xornal**

Un docente crea unha enquisa na páxina *Thenewsyou'dlike to read* para que o alumnado vote e seleccione o modelo para crear o xornal coas noticias internacionales.

Titorial: [Como engadir unha enquisa a unha páxina de actividades]()

3




**Paso 6: Produto final**

Un docente crea unha subpáxina no TwinSpace denominada *FakeNewspaper* baixo a páxina principal *Thenewsyou'dlike to read*; inclúe as explicacións da actividade e inserta o modelo do xornal para que o alumnado o edite e inclúa a súa noticia.

 Titorial: *Como xerar unha subpáxina de actividades no TwinSpace*

TwinSpace 4

TwinSpace 4




[SlideMania](#) ou similares

**Paso 7: Difusión**

Os docentes publican o xornal na páxina web institucional de cada centro socio para a súa difusión. As noticias tamén se poden ler e analizar noutras clases que non participasen no proxecto.

**Ferramentas do TwinSpace / ferramentas 2.0 externas:**

- [Como crear unha páxina de actividades e un TwinBoard en TwinSpace](#)
- [Como xerar unha subpáxina de actividades enTwinSpace](#)
- *[Como insertar ferramentas 2.0 nunha páxina do TwinSpace](#)*
- *[Como engadir unha enquisa a unha páxina de actividades](#)*

**Outras ferramentas:**

- [SlideMania](#) ou similares
- [Banco de recursos en Wakelet](#) de busca de imaxes libres